

Xosé Luís Regueira (2015): “Os estudos de lingua (e cultura) galega fóra de Galicia”, en Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 161-175.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Instituto da Lingua Galega

En memoria de tanto miragre

ESTUDOS DEDICADOS Ó PROFESOR DAVID MACKENZIE

Edición ó coidado de
Francisco Dubert García
Gabriel Rei-Doval
Xulio Sousa

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

EN MEMORIA DE TANTO MIRAGRE
Estudos dedicados ó profesor
David Mackenzie

Edición ó coidado de
FRANCISCO DUBERT GARCÍA
GABRIEL REI-DOVAL
XULIO SOUSA

2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre : estudos dedicados ó profesor David Mackenzie / edición ó coidado de Francisco Dubert García, Gabriel Rei-Doval, Xulio Sousa. – Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015. – 261 p. ; 24 cm.

Precede ó tít.: Instituto da Lingua Galega

D.L. C 1193-2015. – ISBN: 978-84-16183-96-8

1. Mackenzie, David – Crítica e interpretación. 2. Galego (Lingua). 3. Galego-portugués (Lingua)—Antes de 1500. 4. Literatura galega. 5. Literatura española. 6. Lingüística histórica iberorrománica. I. Dubert García, Francisco, ed. lit. II. Rei-Doval, Gabriel, ed. lit. III. Sousa, Xulio, ed. lit. IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed. V. Instituto da Lingua Galega

801 Mackenzie, David
806.99
806.90/99 "04/14"
869.9

Este libro publícase coa axuda financeira da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) ó grupo de investigación *Filoloxía e lingüística galega* (GI-1743), da Universidade de Santiago de Compostela.

©Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño de cuberta
Raquel Vila Amado

Maquetación
Raquel Vila Amado

Imprime
Imprenta Universitaria
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Edita
Servizo de Publicacións
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

Dep. Legal C 1193-2015

ISBN 978-84-16183-96-8

Os estudos de lingua (e cultura) galega fóra de Galicia

XOSÉ LUÍS REGUEIRA

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

Os estudos de lingua e cultura galegas teñen un punto de xiro a finais da década de 1980 e nos primeiros anos da década seguinte. Ao longo do século xx a lingua e a cultura galegas foran empezando a ser estudadas nalgunhas universidades, sobre todo alemás, mais de maneira limitada á investigación levada a cabo por unhas poucas figuras illadas, deixando á parte a literatura medieval e facendo excepción de Krüger e dos seus discípulos da universidade de Hamburgo.

A partir do final da ditadura, a situación sociolingüística do galego vai empezar a ser obxecto de atención, principalmente en universidades alemás tamén. A partir dos últimos anos da década de 1980 esténdese tamén a presenza da lingua galega, a través de cursos para alumnado estranxeiro e sobre todo grazas á creación dunha rede de centros de estudos galegos en diferentes universidades europeas e americanas. David Mackenzie, a quen lle dedicamos esta merecida homenaxe, tivo un papel moi relevante na extensión destes estudos no Reino Unido e en Irlanda.

Nesta achega pretendo trazar un panorama da evolución dos estudos de lingua e cultura galegas no século xx e no comezo do XXI, para rematarmos cunha análise dalgúns dos logros e debilidades da situación actual. Aínda que aludirei a estudos de literatura e, sobre todo, de literatura medieval, centrareime nos estudos de lingüística, tanto pola miña propia especialización coma pola dificultade de manexar a gran cantidade de información existente nos últimos anos sobre estas áreas tan extensas, ademais de por limitacións de espazo.

1. Os estudos de lingüística e literatura galegas no século xx

Ata as últimas décadas do século xx a lingua e a cultura galegas tiveron escasa presenza internacional. As primeiras aparicións do galego en publicacións máis alá da Península Ibérica (deixando á parte as «Observaciones sobre la pronunciación del dialecto gallego» que Louis Lucien Bonaparte coloca como introdución á tradución do Evanxeo de San Mateo, publicada en Londres en 1861) prodúcese de maneira esporádica en notas, coma a de Jules Cornu (1906), no *Gründriss der romanischen Philologie*, ou a de E. H. Tuttle (1906) sobre a gheada (Vid. Sousa 1990).

Será coa chegada de Fritz Krüger ás terras orientais de Galicia cando, por primeira vez, a lingua de Galicia empeza a ser foco de atención de lingüistas estranxeiros, e non só a través de fontes librescas e literarias, senón facendo traballo de campo e levantando material lingüístico de primeira man. A lingua e, de maneira específica, o léxico e a cultura material de Sanabria e da súa contorna será o obxecto preferente da atención de Krüger na década de 1920 (Vid. Krüger 1923a, 1923b, 1925a, 1925b), seguido dun traballo sobre o léxico rural da área comprendida entre Asturias ao Miño e Tras-os-Montes, incluíndo todo o galego (Krüger 1927). Nestes traballos, ademais, a lingua galega é estudada por primeira vez cunha metodoloxía propia do seu tempo, neste caso a da corrente *Wörter und Sachen*, na cal o estudo das palabras vai unido ao dos obxectos que designan, nun estudo conxunto da lingua e da cultura material á que está ligada e á que serve de expresión. De feito, Krüger coloca de maneira reiterada no título dos seus traballos a frase «cultura popular» (Volkskultur) ou «cultura material» (Gegensandskultur), indicando que ese é o obxecto do seu traballo e non simplemente o léxico (cfr. Krüger 1925b, 1927).

Na década seguinte envía tres dos seus discípulos a realizar, como teses de doutoramento, estudos de campo sobre tres áreas extremas de Galicia (Vid. Regueira 1991: 156-159). Trátase dun programa de investigación organizado desde un equipo universitario, sistemático e cunha metodoloxía e obxectivos ben definidos: o método *Palabras e Cousas*, co obxectivo de estudar as formas culturais máis antigas e menos contaminadas pola cultura urbana española e internacional, e as formas lingüísticas a elas asociadas. De aí a elección das áreas: a montaña do leste de Lugo, Fisterra e a Limia Baixa.

Os resultados destes traballos foron publicados na revista do Seminario de Romanística da Universidade de Hamburgo, *Volkstum und Kultur der Romanen*. Aí é onde aparece en 1932 o traballo de Walter Ebeling sobre os aveños nas comarcas

de Becerreá e da Fonsagrada, que visitara nos veráns de 1928 e 1929. O número 10, corespondente a 1937, recolle o traballo de W. Schroeder sobre as embarcacións de pesca en Fisterra, e no ano seguinte Hans-Karl Schneider publica o seu estudo sobre a lingua falada na comarca da Limia Baixa, que enquisara no verán de 1933 e no inverno seguinte (Schneider 1938). O traballo de Schneider ten características orixinais, pois consiste nunha descrición sincrónica da fonética, morfoloxía e léxico desas falas, sen ocuparse da cultura material. Máis aínda, no canto de destacar os aspectos máis conservadores e arcaizantes, fai numerosas observacións sociolingüísticas, destaca o contacto co portugués a través da fronteira, e sobre todo o contacto continuado co español, a través da escola, da igrexa, a interacción cos *carabineros* que gardan a fronteira, e tamén a través da radio. Neste sentido, é un traballo que se adianta ao seu tempo, e será durante décadas o mellor estudo lingüístico realizado sobre o galego (cfr. Regueira 1991: 158). Co remate da Guerra Mundial, este grupo de lingüistas, ligados ao réxime nacionalsocialista e militantes do NSPD, desaparece da universidade alemá: Krüger marcha para Arxentina (aínda que desde a universidade de Cuyo segue publicando sobre as linguas do NO ibérico), Ebeling e Schneider teñen que deixar a universidade, e Schroeder perece na contenda.

Nas décadas seguintes, xa baixo a ditadura de Franco, non existiu un plan de investigación semellante, nin dentro nin fóra de Galicia, ata os traballos levados a cabo na Universidade de Santiago de Compostela nos últimos anos do franquismo. Mais durante estes anos dous lingüistas alemáns, tamén esta vez, toman o galego como obxecto de estudo importante ou preferente, aínda que agora desde o punto de vista da gramática histórica, da etimoloxía e da onomástica: Harri Meier e Joseph Piel. O romanista Harri Meier centrou a súa actividade investigadora no léxico e na gramática das linguas ibéricas, e algúns dos seus traballos están dedicados especificamente á etimoloxía e á gramática galegas, sobre todo na súa última etapa (entre outros, Meier 1974, 1975, 1976, 1977, 1981). Maior relevancia tivo, sen dúbida, o traballo de Joseph Piel, quen centrou gran parte da súa obra na gramática histórica, na etimoloxía e na onomástica do territorio galego e do norte de Portugal ou da rexión xeográfica correspondente coa Gallaecia romana (p.e. Piel 1947a, 1947b, 1947c, 1953, etc. Vid. Regueira 1991: 161-163). A el se lle deben obras de grande importancia, como o *Hispano-gotisches Namenbuch*, publicado coa colaboración de Dieter Kremer (Piel / Kremer 1977). Algúns outros investigadores trataron tamén do galego en traballos de alcance máis amplo, coma Gerhard Rohlfs ou Kurt Baldinger, mais en xeral a atención dedicada ao galego seguiu sendo cousa dalgunhas figuras concretas, e escasas.

Certamente o estudo dos cancioneiros medievais foi un foco de atención importante. Mais neste terreo Galicia xogou un papel marxinal, fóra dalgunhas figuras illadas, ata tempos máis recentes. E así, traballos como os de Cornu (1901), Rübecamp (1930) ou Sponer (1934) foron quedando como fitos illados, sen continuidade, ata que no final dos anos 1950 Walter Mettman comeza a publicar a súa edición das Cantigas de Santa María (Mettmann 1959-1972), e xa nos anos 1960 Giuseppe Tavani empeza a estudar e editar a obra de poetas medievais (Tavani 1964a, 1964b, 1967, 1980-1983, entre outros), axudado a partir dos anos 1970 por Giulia Lanciani (Lanciani 1977; Tavani / Lanciani 1993). Neste terreo, cando menos nesta última época, xa existía un equipo relevante na Universidade de Santiago de Compostela que puido establecer colaboracións frutíferas con Tavani e Lanciani.

No referente á situación da lingua e da cultura contemporáneas nada semellante se pode encontrar nas universidades desa época. Mais co remate da ditadura e coa posta en marcha dos procesos de normalización lingüística do galego, produciuse entre algúns investigadores novos un certo interese pola situación social da lingua e polas novas dinámicas sociolingüísticas que se estaban a producir. De novo, será en Alemaña onde os estudos galegos teñan maior proxección. Entre algúns outros, Klaus Bochmann dedica varios traballos á situación sociolingüística do galego (Bochmann 1983, 1985, e algúns outros), e Ulf Herrmann presenta a súa tese de habilitación (Herrmann 1987), que publica pouco despois (Herrmann 1990), sobre a historia e a situación da lingua galega. Ambos lingüistas traballaban daquela na República Democrática. Incluso Eugenio Coseriu se ocupou nalgúns traballos da situación do galego (p.e. Coseriu 1987). Algunhas investigacións comezan a realizarse tamén noutros países, coma Holanda ou Finlandia (p.e. Hämäläinen 1985) e nos Estados Unidos (Williamson / Williamson 1984). Son os primeiros gromos dunha situación que se percibía como prometedora, e que coincidía coa extensión dos estudos de lingüística nas universidades galegas. Por primeira vez, o estudo da lingua galega estaba empezando a normalizarse en Galicia e a iniciarse no exterior.

2. A difusión dos estudos de lingua e cultura galegas nas universidades de fóra de Galicia

Mentres que as outras linguas cooficiais do estado español xa contaban con presenza en universidades europeas e doutros lugares do mundo (o éuscaro polo seu

interese para a lingüística xeral e o catalán como consecuencia das políticas levadas a cabo pola Generalitat desde o inicio dos anos 1980), o galego non figuraba entre a docencia de ningunha universidade non española. Na República Federal Alemá, por exemplo, comezou a impartirse docencia de catalán nalgunhas universidades grazas a lectores contratados por elas mesmas para impartiren español e catalán, e existía unha sociedade alemano-catalá (a Deutsch-Katalanische Gesellschaft, iniciada en 1983) que naqueles anos comezou a coller pulo e presenza nas universidades e na sociedade alemá.

Naqueles anos só se podían encontrar actividades esporádicas ligadas a persoas concretas. Iso foi o que sucedeu na Universidade de Colonia (Alemaña) cando, aproveitando que eu desempeñaba daquela o posto de lector de español, puiden impartir algúns cursos de lingua, literatura e cultura galegas que figuraron entre a oferta oficial que a universidade lle presentaba ao alumnado. A facultade mostrábase orgullosa de ser a primeira en toda Alemaña que ofrecía docencia de catalán, galego e éuscaro. Outro tanto ocorreu na Universidade de Paderborn, nos anos 1986 e 1987, cando estivo alí de lectora Rosa López Gato. Estas experiencias foron, ata onde puiden saber, a primeira vez que o galego se impartía de maneira oficial nunha universidade alemá, mais remataron cando acabamos a nosa tarefa como lectores. A asistencia de alumnado a aqueles seminarios, coa elaboración dun traballo de fin de carreira (*Magisterarbeit*) sobre lingua galega, permitiu constatar que existía unha demanda potencial de materias de lingua e cultura galegas. Mais desde a Xunta de Galicia non existía daquela ningún apoio para levar adiante accións neste terreo, o que contrastaba co apoio decidido mostrado pola Generalitat.

Un paso decisivo na difusión internacional do galego foi a organización dos *Cursos de lingua galegas para extranxeiros* (posteriormente *Cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia*), que se celebraron por primeira vez en setembro de 1988. Aquel primeiro curso, organizado por Manuel González, co apoio económico da Dirección Xeral de Política Lingüística, conseguiu reunir catorce persoas procedentes de diferentes universidades europeas (Tübingen, Helsinki, Budapest, Viena, etc.) e sudamericanas (cunha importante presenza de Brasil); dous anos despois xa eran 45. Grazas á miña experiencia previa na universidade alemá, fun a persoa escollida para encargarse da docencia. Nos anos seguintes os cursos foron desenvolvéndose en diferentes niveis e ampliando, por tanto, o número de persoas matriculadas e tamén o ámbito de procedencia: París, Roma, Oxford, Varsovia, Praga, Mocova, San Petersburgo, Tokyo, A Habana,

Buenos Aires, Lisboa, Rio de Janeiro, São Paulo, Salvador, Detroit, Nova York, Casablanca, Nova Delhi, etc. En certos momentos esta iniciativa foi criticada por sectores do nacionalismo político co argumento de que se trataba, en certo modo, dunha desviación dos recursos destinados á normalización lingüística, mais andando o tempo tamén chegaron a comprender o alcance e a importancia destas accións. A continuidade no tempo desta iniciativa e o seu éxito fixo que durante algúns anos tamén na Universidade de Vigo se ofrecesen cursos similares, e desde hai algúns anos tamén se organizan na Universidade da Coruña.

Boa parte do alumnado que asiste a estes cursos é estudantado universitario dos últimos anos da carreira, co que en varios casos acaban pasando á docencia e á investigación universitaria nos anos seguintes, e algunhas destas persoas seguen a traballar sobre lingua galega. Desta maneira, nuns cantos anos foise establecendo unha base, aínda escasa e algo precaria, de profesionais universitarios capacitados para impartir docencia e para investigar sobre a lingua e a literatura galegas.

A existencia desta base foi moi importante para facer posible, nos anos 1990, a extensión dos centros de estudos galegos en universidades europeas e iberoamericanas. Estes centros partiron, en moitos casos, de profesores que mantiñan relación cos estudos galegos, como foi o caso do propio David MacKenzie, quen creou o centro de Birmingham en 1993, un dos primeiros, xunto cos de San Petersburgo, Oxford, e Buenos Aires, e só despois dos da Habana e Trier. En varios casos o establecemento deses centros foi debido a persoas que saíran dos cursos organizados polo ILG, como Verónica Barbazán en Fortaleza (Brasil), Taina Hämäläinen en Helsinki, ou pouco despois Johannes Kabatek en Tübingen. A estratexia seguida foi por unha parte buscar as universidades de referencia (San Petersburgo, Oxford, Sorbona, Heidelberg, etc.), e por outra abrir os centros de estudos alí onde existía algunha persoa con manifesto interese nos estudos galegos, como ocorreu en Trier con Dieter Kremer, en Stirling con Craig Patterson, en Tübingen con Johannes Kabatek, en Helsinki con Taina Hämäläinen, ou en Cork con David MacKenzie, tralo seu traslado desde Birmingham. A rede que se chegou a abrir é bastante extensa, con ata máis de dúas ducias de centros (uns con lectorado asociado e outros sen el) en Europa, América e Australia.

A situación e a actuación destes centros foi, durante anos, bastante irregular, con centros moi activos e con moito alumnado e actividade intensa, fronte a outros en que o alumnado era escaso e apenas realizaban actividades relacionadas coa cultura galega. Non obstante, aínda sen termos información completa, todo indica que a situación mellorou neste sentido. En moitos centros non resulta

doado que o alumnado dedique unha parte da súa formación a estudar lingua e cultura galegas, en competición con outras ofertas que poden resultar máis atractivas, e moitas lectoras e lectores están a realizar meritorios esforzos por traballar de maneira intensa e innovadora para atraer o seu interese.

Outra debilidade destes centros é a súa alta dependencia dunha soa persoa, de maneira que cando ese profesor se xubila ou marcha desa universidade, o centro non pode ter continuidade. Exemplos disto son o centro de Stirling, desaparecido cando o seu director, Craig Patterson, se mudou para a universidade de Cardiff, ou o de Tübingen, tamén pechado cando Johannes Kabatek marchou para a Universidade de Zürich. Noutros casos puideron encontrarse vías de continuidade, como ocorre no de Birmingham, que continúa trala marcha de David MacKenzie para a universidade de Cork, onde crea outro centro que tamén ten continuidade tras a súa xubilación.

Entretecida con esta rede de centros está tamén a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG). Esta asociación nace arredor dun grupo de profesorado de universidades do nordeste dos Estados Unidos, que ten en Kathleen March e Xoán González-Millán as súas figuras centrais. Este grupo celebra dous congresos, en Maine-Orono (1985) e en Brown (1988). Mais no terceiro congreso, celebrado en Nova York (1991), e organizado por González-Millán, prodúcese unha verdadeira eclosión da asociación; entre a nutrida asistencia están numerosos investigadores procedentes de Galicia e tamén se incorpora xente doutros lugares. Nese momento, a Asociación, que ata entón fora de profesorado norteamericano, convértese en internacional. Os seguintes congresos terán lugar en Oxford, Trier, A Habana, Barcelona, Salvador de Bahía, Galicia, Cardiff, e o próximo celebrarase en Buenos Aires.

Esta Asociación ten, entre outras, a finalidade de servir de nexo de unión entre a xente que está activa en diversos ámbitos dos estudos sobre lingua e cultura galegas en diferentes partes do mundo, de maneira que se tenda a formar unha rede de persoas que teñen entre as súas ocupacións a docencia ou a investigación sobre Galicia, superando o illamento en que moitas desas figuras se encontraban anteriormente. Desde o meu punto de vista, este obxectivo está só en parte cumprido, debido a limitacións económicas e doutro tipo, e cumpriría seguir traballando nesa liña. Mais déronse pasos importantes, ademais da celebración dos congresos trianuais, como a existencia dunha listaxe de difusión de actividades e eventos relacionados cos estudos galegos en todo o mundo, e mesmo contribúe con axudas económicas á organización de actividades relacionadas coa cultura galega.

Tocante á investigación, a partir dos anos 1990 produciuse unha certa expansión, que acompañou tamén a introdución do ensino do galego, e que en boa medida tamén está conectada coa AIEG. Traballos universitarios de diferente entidade continuaron a realizarse nas universidades alemás, sendo sen dúbida os máis notables os de Johannes Kabatek, quen dedicou á lingua galega a súa tese de licenciatura (Kabatek 1991) e a tese de doutoramento (publicada como Kabatek 1996), con importantes resultados, así como numerosos traballos publicados nos anos posteriores, que fan deste profesor unha figura de referencia para a lingüística galega fóra de Galicia. Tamén Sabine Albrecht dedicou a súa tese a aspectos sociolingüísticos do galego (Albrecht 1990), entre outros traballos académicos. Nunha liña diferente, Fred Boller realizou un atlas lingüístico de dúas áreas de contacto entre galego e portugués e español-leonés-portugués, a través da fronteira (Boller 1995; cf. Regueira 2003).

Nos Estados Unidos comezaron tamén a aparecer estudos sobre lingua galega. Primeiro, Obdulia Castro presentou unha tese de doutoramento en Georgetown sobre fonoloxía galega (Castro 1989). A fonoloxía tamén vai ser o campo de traballo de Fernando Martínez Gil (1997, 2004) e de Sonia Colina (1997, 2006, entre outros). No ámbito da sintaxe, o galego é tomado en consideración dentro de importantes traballos de sintaxe xeral por Juan Uriagereka (1995, entre outros). No caso das universidades norteamericanas estamos ante persoas de orixe galega que investigan sobre galego e sobre outras linguas hispánicas, e centrando a atención en aspectos de lingüística interna e de teoría lingüística. A importancia da súa contribución, á parte dos resultados concretos de cada traballo, consiste en que grazas a eles contamos cunha bibliografía sobre lingua galega realizada coas ferramentas e métodos da lingüística xenerativa ou da teoría da optimidade, que nos estudos realizados en Galicia están ausentes. Son en cambio escasos os traballos de sociolingüística, coa excepción dos de Gabriel Rei-Doval, que se incorporou á universidade americana despois de doutorarse en Galicia (Vid. Rei-Doval 2007, entre outros).

No Reino Unido as contribucións á lingüística foron escasas, aínda que cómpre mencionar os traballos de Jaine Beswick (2007, sobre todo). Non obstante, producíronse achegas relevantes nos estudos da literatura e da cultura, coma a tese de doutoramento de Craig Patterson (publicada en 2006) sobre Otero Pedrayo, así como unha importante actividade de tradución da literatura galega ao inglés, ou o recente libro de Helena Miguélez Carballeira (2013) sobre aspectos de xénero na literatura galega, entre algúns outros.

Tamén durante eses anos se publicaron traballos sobre galego en Rusia, nomeadamente varios de Boris Narumov (p.e. 1996, 2001) e de Galina Zenenko (1982, 1995). En San Petersburgo Elena Zernova leva a cabo un intenso labor de tradución de obras galegas ao ruso. En Xapón é sobre todo Takekazu Asaka quen se ocupa da lingua galega, con numerosas publicacións, entre as que destaca unha gramática galega (Asaka 1993), e nos tempos máis recentes con traducións e estudos sobre a literatura galega.

3. A situación actual

Como resultado deste proceso, actualmente a lingua galega ten presenza en numerosos centros universitarios e de investigación de Europa e América, sobre todo. Ademais da docencia impartida nos centros de estudos galegos e do traballo realizado nas respectivas universidades, sabemos que en moitas outras universidades o galego é obxecto de estudo en traballos académicos de diferente entidade. Hoxe na rede poden encontrarse traballos sobre sociolingüística galega presentados nos últimos anos nas universidades de Toronto, Estocolmo, Brno, Münster, Marburg, Kassel ou Munich, entre outros, e o galego figura con tratamento amplo noutros traballos realizados sobre a situación lingüística de España (Vid. p.e. Donneky 2011). Sen existir unha actividade intensa, o galego pasou a ser un obxecto de estudo máis ou menos normal, sobre todo nas universidades alemás, unha vez máis, e sobre aspectos sociolingüísticos.

Non obstante, esta presenza internacional segue a ser limitada. A presenza do galego en publicacións internacionais foi crecendo nos últimos anos, mais segue a estar ligada a unha poucas persoas, tanto de fóra coma de dentro de Galicia. A investigación sobre lingua ata o presente foi limitada nas universidades sudamericanas, mais as redes de investigación que se están a establecer nos últimos tempos, sobre todo desde o ILG, están empezando a dar froitos. Faltan redes e colaboración continuada de grupos de investigación con centros europeos e norteamericanos. As colaboracións que actualmente se están a producir son máis froito de contactos persoais ca de relacións de investigación con certa estabilidade.

Detrás destas limitacións está a precariedade da investigación en lingüística e en literatura nas universidades galegas. Nelas, os grupos de investigación son moi reducidos, e as persoas que os integran habitualmente traballan en temas e liñas diverxentes. No ILG estase a tratar de superar esta situación tratando de crear grupos que converxan arredor de certos obxectivos escollidos, mais o proce-

so aínda está sen rematar. Esta situación vese moi agravada pola imposibilidade de incorporar novo persoal investigador para as áreas de lingüística e literatura nas universidades galegas desde hai xa bastantes anos, con serios efectos de redución da actividade e de envellecemento do cadro de persoal investigador. Iso fai que tanto os grupos coma as redes que se establecen sexan, case sempre, moi débiles, e a súa capacidade investigadora sexa limitada.

Estas debilidades poden verse na AIEG, que, a pesar dos meritorios esforzos realizados, segue a estar nunha situación de certa precariedade, e as redes e contactos establecidos seguen a ser tenues e reducidos, con poucos membros que compartan temas e obxectivos.

Por outra parte, a política levada a cabo nos últimos anos, de fortes recortes no apoio á normalización lingüística, fai que os recursos destinados á promoción e ao apoio aos estudos de lingua e cultura galegas no exterior sexan cada vez máis escasos. Isto afecta tanto aos cursos de verán para persoas de fóra de Galicia como aos propios centros. O resultado vén sendo que o galego nestes momentos está chegando a menos xente nas universidades foráneas.

A isto súmase outro aspecto máis difuso, pero máis fondo: nos últimos anos a política seguida polo goberno galego está a provocar que Galicia vaia deixando de ser vista como unha comunidade diferenciada, tanto dentro do estado español coma fóra del; Galicia deixou de ter unha promoción cultural propia fóra das nosas fronteiras, e a imaxe exterior de Galicia hoxe é borrosa ou inexistente. De continuaren no tempo as políticas lingüísticas e culturais levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos, a presenza da lingua e da cultura galegas nos centros universitarios de fóra do Estado non tardará en reducirse de maneira significativa, botando a perder os esforzos e os investimentos realizados nas últimas décadas.

4. Conclusión

Nos últimos anos do século xx o galego conseguiu alcanzar unha proxección internacional descoñecida anteriormente. Nestes últimos 25 anos, varios milleiros de persoas dos cinco continentes aprenderon galego, en moitos casos de maneira avanzada, e ducias de investigadores traballaron e están a traballar sobre algún aspecto da cultura e da lingua de Galicia en universidades de todo o mundo. Este despregamento foi posible pola existencia na universidade galega de equipos de investigación relativamente numerosos e consolidados e pola proxección cara a fóra iniciada coa organización de cursos para persoas estranxeiras e mais pola

creación de centros de estudos galegos en moitas universidades de Europa e de América. En moitos casos, algunhas figuras que xa tiñan vínculos coa lingua e a cultura galegas xogaron un papel moi relevante, como foi o caso do Prof. David Mackenzie.

Non obstante, estes logros non están consolidados, e mesmo corren perigo de diluírse, se o apoio económico e político ás iniciativas internacionais segue a minguar. As redes de estudos galegos son aínda relativamente febles e o número de persoas e de equipos que investigan sobre a lingua e a cultura galegas reducido. Nos últimos anos nas universidades galegas mingou o persoal e o investimento dedicados á investigación nestas áreas, e existen graves dificultades para que se incorporen persoas novas, que ademais de garantiren a continuidade dos estudos, son as que terían que achegar visión innovadoras e abrir novas liñas de traballo. A política de proxección exterior do goberno galego é escasa ou nula, o que fai que a imaxe de Galicia hoxe no exterior sexa moi difusa. Un cambio decidido destas políticas parece necesario para non botar a perder todo o camiño andado, as redes e as bases que tanto esforzo, tempo e diñeiro custou construír.

Referencias bibliográficas

- ALBRECHT, Sabine (1990): *Untersuchungen zum Sprachwandel in Galicien: die Herausbildung der galegischen Standardnorm*. Tese de Doutoramento. Univ. de Leipzig.
- ASAKA, Takekazu (1993): *Gendai Garishiago bunpō / Gramática do galego moderno*. Tokyo: Daigaku Shorin.
- BESWICK, Jaine E. (2007): *Regional nationalism in Spain: language use and ethnicity in Galicia*. Clevedon: Multilingual Matters.
- BOCHMANN, Klaus (1983): «En torno al problema de la normalización del gallego contemporáneo», *Linguistische Arbeitsberichte* 40, pp. 2-15.
- BOCHMANN, Klaus (1985): «Problemi della `normalizzazione' della lingua gallega», in M. Cortelazzo (ed.): *Guida ai dialetti veneti*, vol. 6. Padova, 223-232 [Trad. «Problemas da `normalización' da lingua galega», *Grial* 91, 1986, pp. 18-28].
- BOLLER, Fred (1995): *Die Isoglossenstaffelung in der Galicisch-Portugiesisch-Spanischen Kontaktzone und im Lombada-Aliste-Grenzgebiet*. 2 vols. Kiel: Westensee.
- CASTRO, Obdulia (1989): *Aproximación a la fonología y morfología gallegas*. Tese de doutoramento. Georgetown University. Publ. en New Orleans: University Press of the South, 1998.

- COLINA, Sonia (1997): «Epenthesis and deletion in Galician: an optimality theoretic approach», en Martínez-Gil / Morales-Front (eds.), pp. 235-267
- COLINA, Sonia (2006): «The phonetics and phonology of intervocalic velar nasals in Galician», *Lingua* 116, 8, pp. 1245-1273.
- CORNU, Jules (1901): «Estoria troyaa acabada era de mill et quatroçentos et enze annos (1373)», en *Miscellanea linguistica in onore di Graziadio Ascoli*. Torino: E. Loescher, pp. 95-128.
- CORNU, Jules (1906): «Neugalizische Formenlehre». Apéndice a «Grammatik der portugiesischen Sprache», in G. Gröber (ed.): *Grundriss der romanischen Philologie*. Vol. 1. Strassburg: Karl J. Trübner, 1906², 1031-1037. Trad.: «Morfología del gallego moderno», *BRAG* 1, 1906/1907, pp. 7-9, 28-30, 52-54, 75-77, 99-101.
- COSERIU, Eugenio (1987): «El gallego y sus problemas: reflexiones frías sobre un tema candente», *LEA* 9, 1, pp. 127-138.
- DONNEKY, Claire Miranda (2011): *Language ideologies and language practices in France and Spain: the case of Breton, Occitan, Catalan and Galician*. Tese de doutoramento. Univ. Newcastle-upon-Tyne.
- EBELING, Walter (1932): «Die landwirtschaftliche Geräte im Osten der Provinz Lugo (Spanien). Sach- und wortkundliche Untersuchungen», *Volkstum und Kultur der Romanen* 5, pp. 50-151.
- HÄMÄLÄINEN, Taina (1985): *Dúas minorías lingüísticas. Estudio sociolingüístico da situación lingüística de Galicia comparada coa de Finlandia*. Tese Lic. Univ. de Helsinki.
- HERRMANN, Ulf (1987): *Das Galicische. Eine romanische Sprache in Spanien*. Habilitationsschrift. Univ. von Humboldt zu Berlin.
- HERRMANN, Ulf (1990): *Das Galicische: Studien zur Geschichte und heutigen Situation des Galicischen*. Frankfurt am Main: Domus Editoria Europae, 1990.
- KABATEK, Johannes (1991): *Gemeinsprache und Standard im Galicischen*. Tese Lic. Eberhard-Karls-Universität Tübingen.
- KABATEK, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer [Trad. *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais, 2000].
- KRÜGER, Fritz (1923a): «Vocablos y cosas de Sanabria», *RFE* 10, pp. 153-156.
- KRÜGER, Fritz (1923b): *El dialecto de San Ciprián de Sanabria*. Anexo 4 de *RFE*. Madrid.
- KRÜGER, Fritz (1925a): «Mezcla de dialectos», in *Homenaje a Menéndez Pidal. Miscelánea de estudios lingüísticos, literarios e históricos*. Vol. 2. Madrid: Hernando, pp. 121-166.
- KRÜGER, Fritz (1925b): *Die Gegenstandskultur Sanabrias und seiner Nachbargebiete. Ein Beitrag zur spanischen und portugiesischen Volkskunde*. Hamburg: L. Friederichsen & Co.

- KRÜGER, Fritz (1927): «Die nordwestiberische Volkskultur», *Wörter und Sachen* 10, pp. 45-137. Trad. *El léxico rural del noroeste ibérico*. Anexo 26 de RFE. Madrid, 1947.
- LANCIANI, Giulia (1977): *Il canzoniere di Fernan Velho*. L'Aquila: Japadre.
- MARTÍNEZ-GIL, Fernando (1997): «Word-final epenthesis in Galician», en Martínez Gil / Morales-Front (eds.), pp. 269-340.
- MARTÍNEZ-GIL, Fernando (2004): «A constraint-based analysis of Galician 'geada'», en J. Auger / J. C. Clements / B. Vance (eds.): *Contemporary approaches to Romance linguistics*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, pp. 299-320.
- MARTÍNEZ-GIL, Fernando / Alfonso MORALES-FRONT (eds.) (1997): *Issues in the phonology and morphology of the major Iberian languages*. Washington DC: Georgetown University Press.
- MEIER, H. (1974): «Problemas de gramática galega (I): Los tiempos gramaticales de futuridad», *Verba* 1, pp. 7-15.
- MEIER, H. (1975): «Problemas de gramática galega (II): Los tiempos gramaticales de pasado», *Verba* 2, pp. 39-44.
- MEIER, H. (1976): «Problemas de gramática galega (III): La colocación de los pronombres personales átonos», *Verba* 3, pp. 45-52.
- MEIER, H. (1977): «Galizische Etymologien», *Verba* 4, pp. 19-26.
- MEIER, H. (1981): «Galizische Beiträge zu zwei lateinisch-romanischen Wortfamilien», *Verba* 8, pp. 215-228.
- METTMANN, W. (1959-1972): Ed. e glosario de Afonso X O Sábio: *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Universidade, 1959 / 1961 / 1964 / 1972. Ed. facs. 2 vols. Vigo: Xerais, 1981.
- MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, HELENA (2013): *Galicia, a sentimental nation: gender, culture, politics*. Cardiff: University of Wales Press [Trad.: *Galiza, un povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*. Santiago de Compostela: Através, 2014].
- NARUMOV, Boris (1996): «Sobennosti stanovlenija sovremennoj literaturnoj normy galisijskogo jazyka», *Izvestija Akademii Nauk. Serija literatury i jazyka* 55, 3, pp. 25-34.
- NARUMOV, Boris (2001): «Galisijskij jazyk», en *Jazyki mira: romanskije jazyki*. Moskva: Academia, pp. 517-535.
- PATTERSON, Craig (2006): *Galician cultural identity in the works of Ramón Otero Pedrayo*. Lewiston, Nova York: Edwin Mellen. [Trad. *O devalar da idea: Otero Pedrayo e a identidade galega*. Amoeiro: Fundación Otero Pedrayo, 2008].
- PIEL, Joseph-M. (1947a): «As águas na toponímia galego-portuguesa», *Boletim de Filologia* 8, 4, pp. 305-342.

- PIEL, Joseph-M. (1947b): «Nomes de lugar referentes ao relevo e ao aspecto geral do solo. Capítulo de uma toponímia galego-portuguesa», *Revista Portuguesa de Filologia* 1, pp. 153-198.
- PIEL, Joseph-M. (1947c): «Nomes de 'possessores' latino-cristaos na toponímia asturo-galego-portuguesa», *Biblos* 23, pp. 143-202, 283-407.
- PIEL, Joseph-M. (1953): *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega*. Coimbra: Universidade.
- PIEL, Joseph-M. / Dieter KREMER. (1977): *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen- und Ortsnamen der iberischen Halbinsel*. Heidelberg: Carl Winter.
- REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé L. (1991): «A contribución alemana á lingüística galega», en M. Brea / F. Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. 2. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 155-178.
- REGUEIRA, Xosé Luís (2003): Recensión de Boller (1995). *Zeitschrift für romanische Philologie* 119, pp. 608-612.
- REI DOVAL, Gabriel (2007): *A Lingua galega na cidade no século XX: unha aproximación sociolingüística*. Vigo: Xerais.
- RÜBECAMP, Rudolf (1930): *Die Sprache der altgalizischen Cantigas de Santa Maria von Alfonso el Sabio*. Tese de Doutoramento. Hamburg.
- SCHNEIDER, Hans-Karl (1938): «Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense - Spanien)», *Volkstum und Kultur der Romanen* 11, pp. 69-145, 193-281.
- SCHROEDER, W. (1937): «Die Fischerboote von Finisterre», *Volkstum und Kultur der Romanen* 10, pp. 157-211.
- SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio César (1990): «Galician G. Un artigo esquecido de E. H. Tuttle», *Cadernos de Lingua* 1, pp. 161-163.
- SPONER, Margot (1934): «Documentos antiguos de Galicia», *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura* 7, pp. 113-192.
- TAVANI, Giuseppe (1964a): *Le poesie di Ayra Nunez. Edizione critica con introduzione, note e glossario*. Milano: Ugo Merendi.
- TAVANI, Giuseppe (1964b): *Lourenço, Poesie e tenzoni. Edizione, introduzione e note*. Modena: Società Tipografica Editrice Modenese.
- TAVANI, Giuseppe (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell'Ateneo.
- TAVANI, Giuseppe (1980-1983): *La poesia lirica galego-portoghese*, en *Grundriss der Romanischen Literaturen des Mittelalters*. Heidelberg: Carl Winter, vol. 2, 6, 1980; II, 8, 1983 [Trad. *A poesía lírica galego-portuguesa*. Vigo: Galaxia, 1986].

- TAVANI, Giuseppe / Giulia LANCIANI (1993): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- TUTTLE, E. H. (1906): «Galician G», *Modern Philology* 4, 2, pp. 278-279.
- URIAGEREKA, Juan (1995): «Aspects of the syntax of clitic placement in Western Romance», *Linguistic Inquiry* 26, 1, pp. 79-123.
- WILLIAMSON, Robert C. / Virginia L. WILLIAMSON (1984): «Selected factors in bilingualism: the case of Galicia», *JMMD* 5, 5, pp. 401-413.